

10/05/2017

O PROXECTO A VIDA NO ACUARIO, DO CEIP PLURILINGÜE DA SERRA DE OUTES,
ACADA O PRIMEIRO PREMIO Á INNOVACIÓN EDUCATIVA ESCOLA VIVA

O proxecto “A vida no acuario” de Sonia Sánchez Guerra, do CEIP Plurilingüe da Serra de Outes, acadou o primeiro premio á innovación educativa “Escola Viva”, convocado por FeSP-UGT Ensino e o movemento educativo Escola Viva. Raúl Gómez Farto, presidente de Escola Viva, e a secretaria provincial da Coruña do Sector de Ensino de FeSP-UGT, Paula Rodríguez, deron a coñecer hoxe en rolda de prensa o fallo do xurado, reunido o pasado día 5 de maio.

Gómez Farto destacou a alta participación (máis de 40 traballos) de centros de todo tipo (institutos, de educación infantil, primaria e tamén concertados) e a diversidade dos proxectos presentados. O primeiro premio, agasallado cunha contía de 2.000 euros, foi para o proxecto “A vida no acuario” da mestre Sonia Sánchez Guerra, do CEIP Plurilingüe da Serra de Outes. Neste caso é un traballo adicado á diversidade (para alumnado con necesidades especiais na linguaxe), partindo dunha idea da UNESCO.

O segundo premio, que recibirá 1.000 euros, foi para **“A cooperativa Riomaior, a cooperación fai a unión”, de Beatriz Somoza Pires e Verónica Paz Souto, do CEP Plurilingüe Riomaior de Santa Cristina de Cobres (Vilaboa)**. Este é un proxecto realizado en dous idiomas (galego e inglés) que abrangue todas as áreas da educación primaria e no que se abordan temas de actualidade.

Ademais, o xurado decidiu outorgar tres accésits para premiar a calidade e o esforzo dos mestres, aínda que non terán premio económico. As mencións son as seguintes:

-1ª MENCIÓN HONORÍFICA

“Divertipatio”

De César Ramos Domínguez

CEIP Barrié de la Maza, Santa Comba

-2ª MENCIÓN HONORÍFICA

“A pedra do encanto”

CEIP San Roque - Corón, Vilagarcía

-3ª MENCIÓN HONORÍFICA

“Educación viaria e robótica”

CEIP Frián -Teis, Vigo

O acto de entrega dos premios celebrarase nas próximas semanas, nunha data aínda sen determinar, pero que terá lugar antes do remate do curso escolar.

